

POESÍA

NAS FÍRGOAS DO POEMA

por **Armando Requeixo**T
cultura

Luís Valle é unha das voces imprescindibles do noso momento poético. Os seus libros son xa obras de referencia da última década e cada novo texto que dá á luz evidencia a consolidación da súa madurez creadora. Confirman este xuízo títulos como *A caída* (2009), *Fedor* (2011), *Caderno do mendigo* (2011), *As cicatrices do sol* (2015), *Trona, o merlo* (2015) ou *Para que eu beba* (2017).

Teño dito nalgunha outra ocasión, e reafírmome aquí, que en realidade Valle escribe e reescribe constantemente un libro único que fractaliza, reprefila e deriva, implementa e complementa volume tras volume e que é ese fondo común e esencial da súa poética o que comparece, con irisación diversa, en cada entrega.

Así acontece tamén co recente *Óstraka*, poemario órfico, viaxe *ad inferos* e autoexploración radical. Unha alfaia versal que prestixia a colección Dombate da Editorial Galaxia.

Óstraka é un mansío de lembranzas. O imán da memoria que recolle os fragmentos da disolución dun mundo persoal e colectivo que foi ficando esfarelado, retallos de recordos á deriva que precisan ser rescatados, salvados da desaparición definitiva por obra e graza do verso, da palabra, da linguaxe que crea e se recrea para conxurar o *horror vacui*, o silencio e a desmemoria, a morte do que non somos quen de facer vivir no corazón dos relembrados.

Nesa odisea do ser e da memoria a voz lírica bate co lugar da orixe, coas compañas do camiño, cos instantes epifánicos que todo o determinaron, pero, sobre todo, dá co amor. E aí Eurídice pódeolo todo e é espectro fuxidío e amada distante e evocación palpitante e ardorosa compañeira. Eros contra Lete,

No andar propio do que *Óstraka* se alimenta vai o tempo da memoria e vai tamén o espazo do recordo, por veces urbano, despersonalizado, cicatriz de todos os holocaustos; noutras ocasións, amable regreso aos eidos matriciais, á Ítaca íntima que para Valle é *Lugo* e a Chaira.

O río do canto que Valle rende leva as augas dun visionarismo oracular ben xenuíno, de selo propio e inconfundible, afirmado nunha densidade conceptual extrema e unha vizosísima simboloxía que implica o herdo e intertextualidade de numerosísimas lecturas, arrequecido coa colleita persoal. O deserto da revelación, o merlo da prognose, o sol da epifanía, a árbore de entre mundos, o bosque no que a vida se calcina, as fiestras que unen e arredan, o espello do Aquén e do Alén, todo e máis comparece nesta arca ontolóxica e antolóxica na que tamén caben as lumieiras de poetas esencialistas e metafísicos como Edmond Jabès ou Alejandra Pizarnik, as alusións á Antigüidade clásica (velai Alceo ou Aristeo) e á tradición galega (Ramiro Fonte, Uxío Novoneyra, Xosé María Díaz Castro ou Lupe Gómez) e as referencias cultas (centro)europeas dun Angelus Silesius ou un Kafka, entre moitas outras.

Ler *Óstraka* é deixarse atrapar pola paixón da escarpa, a vertixe dos versos coma crebas, con particións silábicas que figuran simas e claudatores con elisións insondables. E é tamén alentar polas fírgoas do poema e ler en cada *ostracum* o sentido da vida que foi, que permanece e nos guía.

*Óstraka*

Luís Valle
Galaxia
Vigo, 2019
168 páxinas